



**O PRESIDENTE  
DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**ANUNCIO**

O Pleno da Deputación da Coruña, en sesión ordinaria celebrada o pasado 24 de febreiro, tomou coñecemento dos informes emitidos pola Intervención e a Tesourería Provincial en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das unidades tramitadoras.

En cumprimento do establecido no punto 10 do acordo plenario, os ditos informes, xunto coa súa documentación complementaria, están ao dispor das persoas interesadas no seu exame e consulta no Servizo de Contabilidade da Deputación, sito na 4ª planta do Pazo Provincial (Avda. Alférez Provisional, nº 2 – 15006 A Coruña).

A Coruña, 5 de marzo de 2012

O PRESIDENTE,

Diego Calvo Pouso